CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO
SECRETARIA DO PLENO
Data 19 MAI. 2020
ENTRADA
Hora.....Núm. 148

COMPOSTELA ABERTA

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA TOMAR MEDIDAS QUE AMPLIEN O ESPAZO PEONIL E MELLOREN A MOBILIDADE DIANTE DAS NOVAS NECESIDADES DERIVADAS DA CRISE DA COVID-19

A actual crise da COVID-19 está a por de manifesto moitas das deficiencias estruturais que ten a nosa sociedade contemporánea. Alén das necesidades e carencias de carácter socio-económico, é evidente que tamén destacan as que teñen que ver co espazo peonil nas nosas tramas urbanas.

O anterior goberno municipal non puido licitar o novo novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) despois de que os grupos da oposición (PSOE-PP-BNG) tumbaran os orzamentos de 2019. A nosa proposta incorporaba as medidas xa acordadas no Pacto Local pola Mobilidade a fin de lograr unha cidade para as persoas, na que se primasen os espazos peonís, reducindo a presión do vehículo privado. O PMUS debe incluir medidas concretas, nas que tamén se aplique unha óptica feminista de xeito transversal, para lograr que as rúas sexan espazos para vivir, xogar, e interrelacionarse de xeito igualitario.

Unha nova mobilidade que debe priorizar a circulación de finalidade fronte á circulación de paso, co obxectivo de racionalizar o uso do vehículo privado no centro, atendendo ás necesidades da veciñanza e do comercio. Para isto será fundamental xerarquizar os modos de transporte, así como ofrecer unha solución ás áreas de maior saturación, nomeadamente o eixo Rosalía de Castro - Juan Carlos I - Senra - Praza de Galicia - Virxe da Cerca - Basquiños.

Neste ano de goberno do alcalde Bugallo nada se ten avanzado neste camiño, e agora as necesidades son máis que evidentes. Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, **SOLICITA:**

- **Que se inicie a licitación do PMUS e que se tomen medidas urxentes de habilitación ou repintados de rúas ou avenidas para reducir o espazo dos vehículos e aumentar o espazo peonil en varios puntos da cidade.**

Santiago de Compostela, 18 de Maio de 2020

COMPOSTELA ABERTA
GRUPO MUNICIPAL

Jorge Duarte Vázquez
Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA